

Acordo de criterios de valoración adoptados no concurso de méritos específico para a provisión de postos de traballo vacantes no cadro de persoal funcionario de administración e servizos da Universidade de Santiago de Compostela, correspondentes aos subgrupos A1, A2 e C1 , convocado por Resolución da Xerencia do 16 de xuño de 2025

De conformidade coa base Sexta da Resolución do 16 de xuño de 2025 pola que se convoca concurso específico de méritos para a provisión de postos de traballo de persoal funcionario, correspondentes aos subgrupos A1, A2 e C1, e tendo en conta o baremo de méritos para a provisión de postos de traballo de persoal funcionario de administración e servizos, aprobado en Consello de Goberno de 26 de marzo de 2014 e modificado o 28 de maio de 2025, a Comisión Permanente de Valoración de Méritos adoptou os seguintes acordos:

- a. valorar os cursos de formación sempre que sexan de formación administrativa de carácter transversal e/ou de carácter xeral
- b. valorar os cursos de formación que teñan relación coas funcións propias dos postos convocados cando sexan aplicables a máis de un posto
- c. o ámbito de actuación das accións formativas deberá estar relacionado coa actividade administrativa e as devanditas accións destinadas ao desenvolvemento profesional do seu persoal de administración. Isto determina que non se valorarán os cursos dirixidos ao estudantado, ao persoal docente e investigador, nin á cidadanía en xeral.
- d. no caso de que a valoración do apartado 2.4. Cursos de formación supere os 14 puntos, escolleranse como cursos de formación incluídos nesta fase de baremo xeral os máis recentes.
- e. polo que atinxe aos cursos impartidos, e para aqueles casos nos que resulte imposible coñecer se a devandita acción formativa tivo carácter de asistencia, acórdase valorar a formación impartida como de aptitude ou aproveitamento.
- f. para a valoración do apartado 1.1. Traballo desenvolvido, será contabilizado o tempo de servizos prestados acumulado en número de días na mesma escala / categoría, nivel e administración; dividindo posteriormente entre 30 para contar unicamente meses enteiros. As fraccións inferiores a un mes enteiro non serán valoradas.

Santiago de Compostela

A presidenta da Comisión Permanente de Valoración de Méritos

Pilar Martínez García

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA PILAR MARTINEZ GARCIA,
VICEXERENTA XERAL TECNICA, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 04/03/2026 10:29:17.

CSV: F7E6-FBF7-4B30-A7B3